



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

**ASUNTO: RESOLUCIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA O CAMPAMENTO XUVENIL DE VERÁN CON Pernocta EN PONTEMARIL (FORCAREI) PARA MENORES DE IDADE DO CONCELLO DA BAÑA 2024.**

**Expte. TEDEC: 2024/A008/000016 (Campamento de verán con pernocta 2024)**  
**Expte. TEDEC: 2024/G003/000540 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que o campamento de verán con pernocta do Concello da Baña é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo, ao mesmo tempo que facilitar e promover a vida laboral e familiar dos seus proxenitores e/ou titores legais.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vistas as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do campamento xuvenil de verán con pernocta en Pontemaryl (Forcarei) para menores de idade do concello da Baña 2024.

Visto que en ditas bases se especifica que o campamento de verán con pernocta ofertará 17 prazas para os/as nenos/as que cumpran os requisitos de admisión. Este



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

servizo desenvolverase do 26 de agosto ao 4 de setembro nas instalacións xuvenís de Pontemaril (Forcarei), dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2024.

Visto que na base 8 se establece que unha vez publicada a lista provisional de admitidos/as na Sede Electrónica municipal e na web municipal, concederáse un prazo de tres días naturais para presentar reclamacións. De non existir ningunha reclamación, nin faltar o pago do prezo público de ningún dos/as integrantes da listaxe provisional, as prazas quedarían oficialmente concedidas aos/ás usuarios/as inscritos/as.

Visto que na base 6 se establece que no caso de haber máis persoas inscritas que prazas dispoñibles farase un sorteo público. O número de prazas dispoñibles é 17, e o número de inscricións foron 12, polo que non foi necesaria a realización do sorteo.

Vista a listaxe de admitidos/as provisionais, e feitas as valoracións:

	NOME	DNI	SITUACIÓN PROVISIONAL
1	S.G.B.	***0215**	Admitida
2	D.G.B.	***7407**	Admitido
3	S.D.R.	***7090**	Admitida
4	L.D.R.	***9601**	Admitida
5	N.B.E.	***4216**	Admitido
6	N.B.E.	***4216**	Admitida
7	S.E.R.	***7431**	Admitida
8	I.V.A.	***5379**	Admitido
9	A.V.A.	***3149**	Admitido
10	M.S.P.	***0051**	Admitido
11	A.S.P.	***5406**	Admitida
12	S.V.C.	---	Admitida
13	M.G.F.	***6914**	Admitida
14	F.A.L.	***6610**	Admitido
15	U.M.M.	***2859**	Admitida

Visto que na base 7 se determina que as cotas dos prezos públicos serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2012. Os/As usuarios/as realizarán o pagamento do servizo nun prazo de 7 días naturais.

A falta de pago implicará a perda da praza e do dereito ao desfrute do servizo.

Importe do pagamento de prezos públicos con base na ordenanza:

PREZOS PÚBLICOS	
1º fillo/a	140 €
2º fillo/a	105 €
3º fillo/a	70 €



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a unidade familiar, empadroada no concello da Baña na data da publicación da convocatoria, non conte cuns ingresos iguais ou superiores a dúas veces o IPREM (600,00) o departamento responsable emitirá un informe mediante o cal prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte.

<b>1º fillo/a</b>	40 €
<b>2º fillo/a</b>	30 €
<b>3º fillo/a</b>	25 €

Este pagamento realizarase nun dos números de contas seguintes das que é titular o Concello da Baña:

- ES92 2080 0326 1731 1000 0035 (ABANCA)
- ES26 0238 8191 8806 6000 1061 (SANTANDER)

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar, unha vez rematado o prazo para presentar a documentación solicitada para o campamento de verán con pernocta, e revisada a mesma, a publicación da listaxe provisional de admitidos/as, coa correspondente cota de pagamento, na Sede Electrónica e na páxina web municipal. As persoas usuarias farán chegar o xustificante de pago dos prezos públicos ao departamento de Xuventude, Cultura e Deportes:

	NOME	DNI	SITUACIÓN PROVISIONAL	PAGO	TOTAL UNIDADE FAMILIAR
1	S.G.B.	***0215**	Admitida	140 €	245 €
2	D.G.B.	***7407**	Admitido	105 €	
3	S.D.R.	***7090**	Admitida	140 €	
4	L.D.R.	***9601**	Admitida	105 €	245 €
5	N.B.E.	***4216**	Admitido	140 €	
6	N.B.E.	***4216**	Admitida	105 €	
7	S.E.R.	***7431**	Admitida	140 €	140 €
8	I.V.A.	***5379**	Admitido	140 €	245 €
9	A.V.A.	***3149**	Admitido	105 €	
10	M.S.P.	***0051**	Admitido	140 €	
11	A.S.P.	***5406**	Admitida	105 €	245 €
12	S.V.C.	---	Admitida	140 €	
13	M.G.F.	***6914**	Admitida	140 €	
14	F.A.L.	***6610**	Admitido	140 €	140 €
15	U.M.M.	***2859**	Admitida	140 €	140 €

**Segundo:** Outorgar un prazo para reclamacións e/ou mellora voluntaria da documentación de tres días naturais dende a data de publicación deste decreto na Sede Electrónica municipal e na páxina web do Concello da Baña.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria Olga Dourado González dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**